previsión informativa

Cámara
Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2010

ASUNTO	**Comisión de Innovación do Consejo Superior de Cámaras de Comercio**
ORGANIZA	**Cámara de Comercio de Santiago de Compostela**
PARTICIPAN	**Cámaras españolas e galegas**
LUGAR	**Cámara de Comercio de Santiago** ***San Pedro de Mezonzo, 44, baixo –Santiago–***
DATA	**Luns-26 de abril**
HORA	**12:00 horas**

A Cámara de Comercio de Santiago acolle este luns unha Comisión de Innovación do Consello Superior de Cámaras coa asistencia de catorce de entidades camerais españolas e galegas

A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela celebra este luns, 26 de abril, unha reunión da Comisión de Innovación do Consello Superior de Cámaras, presidida por **José García Costas**, titular da Cámara de Vigo. Á cita acudirán catorce cámaras españolas e galegas, entre as que destacán a Cámara de Comercio de Mallorca, Alicante, Castellón, Madrid, Bilbao, Jijón e Jaén, entre outras.

Na xuntanza, a novena reunión da Comisión de Innovación, tratarase diversos temas realcionados con accións de formación en materia de innovación para o persoal das Cámaras. Son accións formativas encamiñadas á creación dunha rede de técnicos de innovación. Os asistentes farán unha análise exhaustiva da última xornada sobre innovación e propiedade industrial do pasado 4 de abril. A continuación, comentarán a organización de actos de formación sobre a propiedade industial realizados en colaboración coa Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) e as Cámaras interesadas.

Ademais, os directivos camerais comentarán as novas actuacións do Programa InnovaCámaras e a Feira do Coñecemento. Comentarán tamén o Estudo sobre a eficiencia do sistema español de I+D+i, elaborado pola Cámara de Comercio de Madrid, e o antreproxecto da Lei de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Peregrinación

Pola tarde está programada unha peregrinación desde o Monte do Gozo ata a praza do Obradoiro, coa posibilidade de asistir á misa do peregrino das 19:30 horas na catedral compostelá. Ao día seguinte, martes-27, a Comisión visitará as instalacións de FEUGA (Fundación Empresa Universidad Galicia), onde será recibida polo seu director, Francisco Javier Pereiro.